



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

A Alcaldesa-Presidenta, en data 16.10.2009 ditou Resolución que na súa parte dispositiva é como segue:

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de elevar a definitiva a adxudicación do contrato “Humanización e mellora de servizos na rúa Eduardo Vicenti”.

Segundo.- Adxudicar definitivamente a execución da referida obra á mercantil FEYJU GALICIA, S.L., co CIF n.º B-36620383, e domicilio na rúa Julián Estévez n.º 30, baixo (CP 36207) de Vigo, no prezo total de DOUS CENTOS TRINTA MIL TRESCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (230.382,14 €), melloras sen custe adicional por importe de CATRO MIL OITOCENTOS SETE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (4.807,20 €) e un prazo de execución de TRES MESES.

Terceiro.- Outorgar un prazo de 10 días hábiles para a sinatura do contrato.

Cuarto.- Nomear directora de obra á arquitecta dona María Isabel Medraño Fariña.

Quinto.- Notificar este acordo ao adxudicatario e demais licitadores, así como á Intervención Municipal, ao departamento de contratación e á directora de obra.

Sexto.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante e no BOP.

Sétimo.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local na súa próxima sesión aos efectos da súa ratificación.

O que se fai público no Perfil do Contratante aos efectos oportunos.